

PRÁCTICAS EXTERNAS

Charla informativa

Raquel Rial Otero e María Figueiredo González
Coordinadoras de Prácticas Externas

¿Qué son?



Actividade de natureza formativa que ten como obxectivos:

- Contribuír á formación integral do alumnado, complementando a súa aprendizaxe teórico-práctica.
- Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realízade profesional, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas, e a adquisición dos valores da innovación, creatividade e emprendemento.
- Obter unha experiencia práctica axeitada ao nivel de estudos cursados, como complemento formativo destes que mellore a súa empregabilidade e que facilite a súa inserción no mundo laboral.

NORMATIVA

- **Xeral:**


Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario.

- **Propia da Universidade de Vigo:**

Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo.

MODALIDADES PRÁCTICAS EXTERNAS

Curriculares	Actividade académica integrada no Plan de Estudos (expediente) . Requírese matrícula na materia de prácticas externas.
Extracurriculares	Actividade de carácter voluntario durante o período de formación. Non forman parte do Plan de Estudos nin se integran no expediente académico. Recóllense no Suplemento Europeo ao Título (SET) previa petición na Secretaría do Centro. Poden reconecerse no curso seguinte como prácticas curriculares



PRÁCTICAS CURRICULARES

Destinatarios	Alumnado matriculado na materia Prácticas externas do correspondente Plan de Estudos
Duración	6 créditos ECTS (150 h = 120 h presenciais + 30 h preparación da memoria)
Horarios	Preferentemente: xornada completa (7-8 h/día), en períodos continuados cunha duración de a lo menos 3 días por semana. Como mínimo: media xornada (4 h/día)
Cando	Durante todo o curso. Posibilidade de que o alumnado de 3º poida ampliar matrícula para facer as prácticas no verán de 3º. Período para facer á solicitude 19-24 de febreiro de 2025.
Requisitos	• Non ter relación contractual coa entidade colaboradora na que se van realizar as prácticas • As prácticas deben realizarse sempre fora do horario lectivo do alumno.

PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

Destinatarios	Alumnado matriculado en calquera titulación de Grao ou Mestrado da UVigo
Duración	Mínimo 150 h e máximo 750 h por estudante e entidade colaboradora
Horario	A dedicación diaria poderá axustarse as necesidades da entidade colaboradora
Cando	Dende o 1 de setembro ata o 31 de agosto
Requisitos	• Non ter relación contractual coa entidade colaboradora • Estudantado de Grao: ter superados o 50 % dos créditos da titulación • Estudantado de Mestrado: ter superados o 50 % dos crédito para á obtención do título (descontando os 12 créditos do TFM). • As prácticas deben realizarse sempre fora do horario lectivo do alumno.

AXENTES IMPLICADOS

- ❑ **Coordinadora de prácticas externas:** persoa responsable da xestión de convenios e do nomeamentos dos titores académicos
- ❑ **Titor/a na empresa/entidade:** supervisará as actividades na empresa, orientará ao estudante e controlará o desenvolvemento da práctica.
- ❑ **Titor/a académico/a:** profesor/a da Uvigo que imparta docencia na Titulación do/a alumno/a. Encargarase de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo e avaliar as prácticas do estudante.
- ❑ **Fundación Universidade de Vigo (FUVI):** encárgase da xestión de prácticas extracurriculares en colaboración coa Coordinadora de prácticas



¿ONDE SE PODEN REALIZAR?

Entidades colaboradoras de ámbito nacional

- En empresas, institucións e entidades públicas ou privadas que formalicen un convenio de cooperación educativa coa Universidade de Vigo.

Na universidade de Vigo

- En unidades e servizos da Universidade de Vigo cando exista un acordo interno entre o coordinador de prácticas e o responsable da unidade ou servizo de acollida.

Prácticas internacionais

- En empresas e institucións situadas no extranxeiro. Neste caso as prácticas poden levarse a cabo dentro do programa ERASMUS+ prácticas ou ben como prácticas por convenio de cooperación educativa. Neste caso as prácticas deberán realizarse dentro do marco legal do país de destino.

ELECCIÓN DA ENTIDADE

So se poden facer prácticas en entidades colaboradoras con convenio de Cooperación Educativa en vigor.

- Tódolos convenios foron derogados con data de 31/12/2023 e estanse actualizando a demanda.
- Na Web (<https://fcou.uvigo.es/docencia/practicas-externas/>) podedes atopar unha lista de empresas coas que colaboramos habitualmente.

Normativa

NORMATIVA XERAL

Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios

NORMATIVA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo

Instrucións para o desenvolvemento do procedemento de xestión das prácticas académicas externas na Universidade de Vigo

Instrución para o desenvolvemento do procedemento de xestión de comprobación dos requisitos para a realización de prácticas externas

Documentación para a formalización das prácticas

SOLICITUDE

 **Formulario de solicitude de prácticas externas**

MEMORIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS

 **Plantilla da memoria de prácticas**

Convenios vixentes

 **Listaxe de empresas colaboradoras**

TRAMITES PREVIOS

IMPRESINDIBLE PARA REALIZAR LA PRÁCTICA:



☐ **FIRMA DIGITAL.** Os recomendamos que descarguéis el certificado digital de la FNMT (<https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados/persona-fisica/obtener-certificado-software>).

☐ **NÚMERO PERSOAL DA SEGURIDADE SOCIAL (NUSS)** actualizado en la Secretaría Virtual da Uvigo o teu (**Olo! O teu, non o dos teus proxenitores**).

PASOS A SEGUIR NA TRAMITACIÓN

Elexir a entidade e ver as datas dispoñibles. Cubrir o **documento de solicitude de prácticas** e enviarllo á Coordinadora de Prácticas

Unha vez a entidade de o seu OK, firmar o **Anexo I + Anexo II + Anexo III**

Finalizada a práctica cubrir on-line o **Anexo IV + Anexo VI**

Entregarlle ó/á titor/a académico/a a **memoria de prácticas**

Tras avaliar os documentos presentados, o/a titor/a académico/a cubrirá o **Anexo V**

¡Non debes subir nada á plataforma! Serán as coordinadoras as que se encarguen de xestionar toda a documentación e darvos as instrucións pertinentes.

PASOS A SEGUIR NA TRAMITACIÓN

PARA SOLICITAR A PRÁCTICA:



- ☐ **Documento de solicitude das prácticas:** cubrir tendo en conta os horarios de clase e enviar por correo electrónico á Coordinadora de prácticas. Modelo dispoñible na web (<https://fcou.uvigo.es/docencia/practicas-externas/>)
- ☐ **Firmar convenio de cooperación educativa coa entidade se non existe**

PASOS A SEGUIR NA TRAMITACIÓN



**SINATURA
DIXITAL**

**ESTES DOCUMENTOS
XESTIONÁMOLOS AS
COORDINADORAS**

PARA INICIAR A PRÁCTICA:

- ☐ **Anexo I (condicións da práctica):** formaliza a relación que se establece entre a entidade e o estudante, indicar ben os desprazamentos fora da entidade ou traballos en empresas clientes.
- ☐ **Anexo II (declaración responsable da empresa):** cumprir co proxecto formativo, titorización efectiva, avisar das ausencias do alumnado, etc.
- ☐ **Anexo III (compromiso do estudante):** cumprir co proxecto formativo, avisar das ausencias por causas médicas, elaboración da memoria final, gardar confidencialidade, gardar actitude respectuosa de cara a política da entidade colaboradora.

☐ TER TODA A DOCUMENTACIÓN PREPARADA 12 DÍAS ANTES DO INICO DA PRÁCTICA

PASOS A SEGUIR NA TRAMITACIÓN



ESTES DOCUMENTOS
CUBRENSE ON-LINE A
TRAVÉS DUN LINK QUE
VOS ENVIARÁN AS
COORDINADORAS

TRAS FINALIZAR A PRÁCTICA

- ☐ **Anexo IV (Informe do titor da entidade):** Neste documento a entidade valorará a estancia, o grao de implicación e a actividade desenvolvida polo estudante durante á realización das prácticas.
- ☐ **Anexo VI (Informe do estudante):** Neste documento o estudante valora ás prácticas e á entidade onde as realizou.

PASOS A SEGUIR NA TRAMITACIÓN



A MEMORIA DEBEDES
ENVIARLLA AO TITOR/A
ACADÉMICO/A

❑ **Memoria de prácticas:** existe un modelo dispoñible na web

(<https://fcou.uvigo.es/docencia/practicas-externas/>)

- Datos xerais: datos do alumno, tipo de práctica, datas e horarios
- Descrición da empresa: razón social, actividade da empresa, departamento no que se realizaron as prácticas, infraestruturas, persoal.
- **Descrición detallada das actividades realizadas**
- Conexión das materias do grado coas prácticas realizadas
- Problemas xurdidos

PASOS A SEGUIR NA TRAMITACIÓN

PARA CERTIFICAR A PRÁCTICA



- ☐ **Anexo V (Informe do/a titor/a académico/a):** Avaliación das prácticas polo/a titor/a académico/a en base os anexos IV e VI e a memoria de prácticas.

Nota prácticas = nota anexo IV (50 %) + nota memoria de prácticas (50 %)

Esta será a nota que figure na acta

NOVIDADES IMPORTANTES

REAL DECRETO-LEI 28/2018, DE 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego (BOE de 29 de decembro de 2018)

DISPOSICIÓN ADICIONAL 52:

- O alumnado de prácticas externas debe darse no sistema da Seguridad Social (SS) e quedarán como persoas “asimiladas a traballadores por conta allea” no Réxime Xeral da SS.
- **Prácticas curriculares NON remuneradas:** correspóndelle á Universidade tramitar a alta na SS.
- **Prácticas extracurriculares ou curriculares remuneradas:** correspóndelle á empresa tramitar a alta na SS.



NOVIDADES IMPORTANTES

1

QUÉ IMPLICA ISTO?:

- Necesidade de ter o **NÚMERO PERSOAL DA SEGURIDADE SOCIAL (NUSS)** na Secretaría Virtual da Uvigo
- **ALUMNADO DE PAÍSES TERCEIROS:** necesita dispor dun visado de estudos, que cubra la realización de prácticas externas, para poder dalo de alta na seguridade social .
- **NON SE PERMITEN XORNADAS FLEXIBLES.** Hai que ter moi claras as datas e horarios nos que vas facer as prácticas e **calquera cambio debe comunicarse con antelación** suficiente por email.
- **MAIOR CONTROL DE AUSENCIAS OU DE LICENZAS POR ENFERMIDADE.** É necesario ter un **parte médico de baixa** e avisar á Coordinadora de Prácticas para que quede rexistro.



NOVIDADES IMPORTANTES

QUÉ PASA SE NON CUMPLIMOS?:

- **Expulsión do programa de prácticas** para aquelas persoas que acumulen ausencias inxustificadas ou incumpran o programa formativo (previa apertura de expediente).
- **O contrato en prácticas pode anularse** a petición da entidade ou do alumnado, baixo causa xustificada e informando sempre a tódolos axentes implicados.



NOVIDADES IMPORTANTES

2

Outra novidade:

- Necesario entregar **CERTIFICADO DE CARECER DE ANTECEDENTES POR DELICTOS SEXUAIS** para aquel alumnado que vaia ter contacto con menores de idade durante a realización das súas prácticas.
- Dado que se trata de datos sensibles e deben ser tratados con suma cautela, o alumnado que vaia realizar estas prácticas debe enviar dito certificado por correo electrónico á Secretaría do Decanato (sdefco@uvigo.gal).

Documentación de prácticas

AVISO
IMPORTANTE

No caso das prácticas EXTRACURRICULARES non se xestionan a través da plataforma. Tódolos documentos se xeran en papel. Ao finalizar a práctica hai que entregar unha copia de tódolos anexos e da memoria de prácticas á Coordinadora de Prácticas e no FUVI.

Mentres que non se entreguen todos estes documentos non se poderá solicitar o **recoñecemento das prácticas extracurriculares por curriculares**.

Prácticas Externas



Preguntas frecuentes

Preguntas frecuentes

❑ ¿Cando debo iniciar os trámites para facer prácticas?

Canto antes xa que o alumnado de prácticas curriculares ten prioridade, sobre o alumnado de extracurriculares, á hora de elixir entidade e datas. Esta prioridade mantense ata o mes de xaneiro, a partires de entón as solicitudes trataranse indistintamente, por orde de chegada.

❑ ¿Cando debo iniciar os trámites para facer prácticas extracurriculares?

- Prácticas durante os meses de verán: inicio dos trámites a partires do mes de xaneiro.
- Prácticas ao longo do curso: debes poñerte en contacto coa Coordinadora de Prácticas canto antes.

Preguntas frecuentes

☐ **¿Podo facer prácticas na empresa dun familiar?**

NON. De acordo coa normativa, isto non se permite.

☐ **¿Podo facer prácticas nos laboratorios dalgunha Universidade española?**

NON. De acordo coa normativa, non se permite a realización de prácticas externas en centros docentes.

Excepcións: SERVICIOS non docentes adscritos as universidades.

☐ **¿Podo facer prácticas na empresa na que estou traballando?**

NON. De acordo coa normativa, non se permite facer as prácticas nunha empresa coa que se ten relación contractual previa.

Preguntas frecuentes

- ☐ **Xa teño as prácticas curriculares feitas pero quero facer prácticas extracurriculares a maiores, ¿necesito facer memoria de prácticas?**

SI, de acordo coa normativa vixente é obrigatorio facer memoria de prácticas independentemente de si se trata de prácticas curriculares ou extracurriculares. O formato da memoria é o mesmo.

- ☐ **¿Podo recoñecer as prácticas extracurriculares por unha materia da Titulación?**

As prácticas extracurriculares so se poden recoñecer pola materia prácticas externas. Para elo unha vez entregada toda a documentación en tempo e forma, debe solicitarse o recoñecemento na Secretaría do Centro entre os meses de xuño e setembro.

Preguntas frecuentes

❑ ¿Durante a realización das prácticas teño algún seguro?

- SEGURO ESCOLAR: asistencia sanitaria ao estudantado español ou estranxeiro menor de 28 anos, matriculado nalgunha titulación oficial, resida legalmente en España e estea ao corrente da cota correspondente.
- SEGURO DE ACCIDENTES “CUM LAUDE”: póliza colectiva de accidentes, que cobre todo o estudantado (incluído os maiores de 28 anos).
- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: que cobre os danos persoais e materiais que se causen a terceiros durante a realización das prácticas.

Preguntas frecuentes

❑ ¿Se vou realizar prácticas no estranxeiro teño que contratar algún seguro adicional?

- No caso de prácticas internacionais, con independencia da modalidade de prácticas, e para estadías superiores aos 90 días, o estudiantado terá que subscribir un SEGURO DE ACCIDENTES que inclúa a repatriación.
- Se as prácticas se realizan nos Estados Unidos/Canadá deberán contratar un SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

Preguntas frecuentes

☐ **Se me dan de alta na Seguridade Social, como me afecta isto se estou cobrando o paro?**

Como o alumnado en prácticas pasa a ser “asimilados a traballadores” (e non traballadores) a súa alta na SS non repercute na súa posible prestación de desemprego.

☐ **Os días que o alumnado falte a prácticas tense que dar de baixa na Seguridade Social?**

Os días que o alumnado se ausente das prácticas debe comunicarse a través da plataforma e non debería cotizar na SS. Un caso distinto é que o estudante se vexa afectado por una incapacidade temporal (IT) causada por accidente laboral, embarazo, nacemento/cuidado de menores ou lactancia.

Preguntas frecuentes

❑ Como se debe proceder cando se produce unha ausencia por enfermidade?

Ao ser unha ausencia non previsible no momento de formalizar a práctica, o alumnado terá que informar ó/á titor/a da empresa e á Coordinadora de Prácticas para que se fagan as modificacións oportunas a través da plataforma de prácticas.

Outras Prácticas NON laboráis



Estudiantes



Titulados/as

- ☐ Becas FEUGA (<https://www.becasfeuga.es/>)
- ☐ Programa de Bolsas de FUAC (<https://www.fundacion.udc.es/practicas-informacion.asp>)
- ☐ Programa de Bolsas Salcines (<https://fundacionsalcines.org/becas-2/>)



Titulados/as

- ☐ Prácticas do Servizo Público de emprego (SEPE) (<https://emprego.xunta.gal/portal/es/11-demandantes/demandantes-sp/397-practicas-no-laborales.html>)

GRAZAS POR ASISTIR

Prof. Raquel Rial Otero

Despacho 114 Edificio Politécnico

 988 368 897

 raquelrial@uvigo.gal

Prof. María Figueiredo González

Despacho 101 Edificio Politécnico

 988 387 061

 mariafigueiredo@uvigo.gal